

ESTREA EN NUMAX: 02.06.2017 | V.O.S.E. | +12

*Eshtebak* (2016, 97')

**Dirección:** Mohamed Diab

**Guión:** Khaled Diab, Mohamed Diab

**Elenco:** Nelly Karim, Hany Adel, El Sebaili Mohamed, Ahmed Abdelhamid Hefny, Mahmoud Fares, Waleed Abdel Ghany, Ahmed Dash

**Son:** Ahmed Adnan, Hubert Persat

**Vestuario:** Reem El Adl

**Montaxe:** Ahmed Hafez

**Fotografía:** Ahmed Gabr

**Música:** Khaled Dagher

**Produtora:** Sampek Productions (Exipto)

**Distribuidora:** Golem

**Formato de proxección:** DCP2K, 1.85:1

**Idioma orixinal:** Árabe

#### PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2016 (Un certain regard), Valladolid 2016 (mellor novo director e fotografía), Cartago 2016 (mellor longametraxe, fotografía, montaxe e premio FACC), Kerala 2016 (mellor filme e premio do público)

#### FILMOGRAFÍA

*El Cairo*, 678, 2010

#### SINOPSE

El Cairo, verán de 2013. Cúmprense dous anos da revolución exipcia. Inmediatamente despois da destitución de Morsi, o presidente islamista, decenas de manifestantes con convicións políticas e relixiosas distintas son arrestados durante uns violentos disturbios. Todos acaban no mesmo furgón policial. Serán quen de superar as súas diferenzas para saír ilesos?

«Unha lección de cinema nun filme estremecedor polo seu humanismo»

Gilles Kerdreux, OUEST FRANCE ★★★★★



## “En Exipto coñéceseme máis como activista que como cineasta”

Entrevista con Mohamed Diab

**Como naceu a idea de Clash?** A miña primeira longametraxe, El Cairo 678, estreouse en Exipto unhas semanas antes da revolución de 2011. Participei no movemento e axiña me entraron ganas de dedicarlle un filme. Porén, nos últimos cinco anos, todo evolucionou a tal velocidade que calquera idea se converte en obsoleta mesmo antes de comezar a escribir un guión. Até despois de pasados os acontecementos de 2013, meu irmán Khaled e eu non pensamos en Clash. Puxémonos a traballar xuntos convencidos de que era a mellor historia para falar do Exipto de 2013 e do actual. As forzas involucradas eran e son as mesmas, os revolucionarios, os Irmáns Musulmáns e o exército. É irónico, mais o fracaso da revolución sérvenos para contala.

**Cal foi o seu papel na revolución de 2011, durante a revolución?** Empreguei a miña recentemente gañada sona. Como dixeran antes, acababa de estrear Cairo 678, eu saíra en televisión, recoñecíanme na rúa. Hoxe en Exipto coñéceseme máis como activista que como cineasta. Non fun un dos ideólogos do movemento, máis ben un dos seus promotores. Deixei de lado a miña profesión para loitar pola democracia ao carón do pobo exipcio. Pareceume que era

o meu deber. Sempre estiven convencido de que podería regresar ao cinema canto todo se estabilizase e, como moitos, pensei que xa o estaba coas eleccións presidenciais de 2012, por desgraza, todo mudou desde entón.

### Onde estaba no momento en que transcorre o filme, unhas semanas despois da saída do presidente Morsi?

En El Cairo. Ao igual ca calquera exipcio fun parte do que sucedía. Todo tivo lugar nas rúas, por iso calquera se vía involucrado polo simple feito de cruzar a cidade para ir traballar. Na época, manifesteime contra Morsi. Foi elixido democraticamente, mais facíanos falta un Mandela, alguén capaz de erguerse por riba das disensións, capaz de reconciliar os exipcios. Pero nada máis rematar a primeira volta, xa soubemos que non sería así. Os dous candidatos que se presentaban á segunda volta eran o proislamista Mohamed Morsi e o herdeiro do réxime de Mubarak. Estabamos atrapados entre a espada e a parede. Esa noite chorei de verdade.

### Que nos podes dicir do grupo que, no filme, se opón aos Irmáns Musulmáns?

Toda esa xente está na rúa por razóns moi diversas e, no fondo, deténselles por erro. Empecemos pola familia, os pais e os dous fillos adolescentes. Ela é enfermeira, está farta do caos reinante. O seu marido probabelmente sexa funcionario. Pertencen á clase media. Logo están os dous mozos, un deles non se interesa pola política, pero acompañou ao seu amigo. O senteito está moi anoxado porque o seu can morreu... Este último personaxe

representa o que tento mostrar: se o atopase na rúa, pensaría que é un matón, mais a tristura pola morte do seu can humanízao. Este é o tema do meu filme: non se coñece a unha persoa até que no se fala con ela, até que non se pasa tempo con ela.

**As escenas de acción do filme son impresionantes.** A primeira rodouse en dous días con 500 figurantes nun plató. Foi un verdadeiro inferno, sobre todo porque en Exipto non hai especialistas. O coordinador de efectos especiais díxome: «parece real porque é real». Os figurantes pelexaban de verdade, algúns remataron feridos. A escena da ponte rodouse nun decorado natural, na cidade. Trátase dun enorme intercambiador dunha das autoestradas máis conxestionadas de El Cairo. A rodaxe creou un atasco monstruoso porque os condutores pensaron que era unha manifestación de verdade e empezaron a dar media volta. Actualmente, en canto se ve a un grupo de xente na rúa, todo o mundo ten medo e afástase. Rodamos 12 horas seguidas cun equipo totalmente entregado. Suporto que tiñamos infiltrados dos dous bandos, os Irmáns Musulmáns e a policía, cada un deles convencido de que nos apoiaba o outro. Vinme obrigado a rodar o filme en moi pouco tempo, o que me permitiu desenvolver un recurso inusual: dar ordes a través do altofalante no momento exacto en que ninguén tiña diálogos.

Publicado en [www.golem.es/distribucion/index.php](http://www.golem.es/distribucion/index.php)

Tradución: Xan Gómez Viñas

#### NA LIBRARÍA NUMAX

*La primavera de los árabes,*  
Jean-Pierre Filiu. Norma, 2016

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
 Concepción Arenal, 9 baixo  
 15702 Santiago de Compostela  
 TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)

